



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Telf.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

BANDO

D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, Alcalde-Presidente do Concello de Beade (Ourense),

FAI SABER

Infórmase a todos os veciños e propietarios de viñedos do municipio do risco crecente de propagación da flavescencia dourada, unha enfermidade grave que afecta á vide e que pode ter consecuencias moi prexudiciais para os cultivos.

Lémbrese que as viñas sen traballar, é dicir, aquelas que non reciben os tratamentos fitosanitarios axeitados nin están en activo, representan un perigo real para as fincas colindantes. Estas parcelas poden converterse en focos de infección, facilitando o contaxio da enfermidade ás viñas veciñas que si están sendo coidadas correctamente.

Por este motivo, solicítase aos propietarios de viñas inactivas que se poñan en contacto co Concello e procedan ao arranque das súas vides desde a raíz, pois esta é a única medida eficaz para evitar o contaxio e a súa propagación.

Para máis información, asesoramento técnico ou calquera dúbida relacionada coa enfermidade ou coas actuacións que se deben levar a cabo, pódese acudir ao Concello, onde estaremos á disposición para colaborar e axudar no que sexa necesario.

En Beade, a 21 de abril de 2025.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

